



ANEXO I
PEÓNS

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: PEÓN PERSOAL SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2020		
2.- CONVOCATORIA: BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE SEIS PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2020.		
3.- DATOS PERSOAIS:		
NOME		DNI
DOMICILIO		
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

O asinante solicita ser admitido/a ó concurso-oposición a que se refire a presente instancia e declara:

- **Que son certos os datos obrantes nela.**
- **Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.**
- **Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado quinto: Requisitos dos aspirantes.**
 - a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
 - b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
 - c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
 - d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
 - e) Estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo
 - f) Atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 - a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - b. Maiores de 45 anos.
 - c. Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
 - d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
 - e. Persoas en situación de drogodependencia.
 - f. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - g. Persoas con fogar monoparental.
 - h. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - i. Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - j. Persoas sen fogar.
- **Que, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.**

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.